



Regulamento de Participación no VIGO DANCE FESTIVAL. Festival Multidisciplinar de Danza en Vigo. 2025

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude en colaboración coa Asociación artística y cultural para la promoción de la Danza Coreomagazine, convida a escolas, asociacións e grupos de danza da cidade para formar parte do **VIGO DANCE FESTIVAL 2025, Edición OUTONO**

A continuación, detállanse as **normas e requisitos para a inscrición e participación**:

1. Inscrición

1.1. A inscrición no Vigo Dance Festival, será gratuita e deberá realizarse exclusivamente a través da ligazón proporcionada polo Concello de Vigo / Asociación Coreomagazine:

<https://forms.gle/EJxhDGN6aTxni4eD6>

1.2. O formulario de inscrición estará disponible desde o **15 de Setembro ata o 25 de Outubro DE 2025**

1.3. Cada grupo rexistrado debe proporcionar os seguintes datos

- Nome do grupo, estilo danza
- Nome da escola, profesional ou asociación (Enderzo social)
- Representante e datos de contacto.
- Número de integrantes de cada grupo
- Aceptación regulamento Vigo Dance Festival
- Categoría de danza e breve descrición da proposta.
- Necesidades técnicas (música, iluminación, espazo etc.)

1.4. Unha vez aceptada a participación do grupo que lle será comunicada polo email indicado no fomulario de inscrición, deberase descargar e achegar por emial o **Formulario de Participación** dispoñible na web <https://www.coreomagazine.com/vigo-dance-festival/>_cos datos de cada participante, debidamente cumplimentado e asinado por bailaríns e tutores.

1.5. A música de cada Show deberá ser enviada a organización o antes posible , tendo como fecha tope o 20 de Maio. Deberá subirse no seguinte enlace:

<https://forms.gle/ws22Cz4WJWNN5Dfc6>

2. Requisitos de Participación

2.1. Poden participar escolas de danza, asociacións culturais e grupos establecidos en Vigo.

2.2 Os grupos deben estar formados por un mínimo de 5 bailaríns, agás nos espectáculos de Pole Dance e danzas aéreas, que pola súa complexidade se realizan de maneira individual



No caso dun exceso de inscrición, a organización seleccionará os shows que actuaran no festival de danza.

2.3 Os/as participantes menores de idade deberán contar con autorización expresa dos seus titores legais. Facilitaráselles o documento para tal efecto no momento que se ingrese a data de nacemento na inscrición

2.4 Exclúese deste festival a danza Galega xa que teñen o seu propio programa de danza

3 Dereitos de Imaxe

3.2 Os/as participantes, ao inscribirse, aceptan a cesión de dereitos de imaxe ao Concello de Vigo e Coreomagazine para fins promocionais do evento.

3.3 No caso de menores de idade, será obrigatorio presentar un formulario de autorización asinado polos seus titores legais, dispoñible na ligazón de inscrición. 3.3. As imaxes e gravacións realizadas durante o evento serán utilizadas exclusivamente con fins non comerciais, tales como promoción en redes sociais, prensa e memoria do festival.

4 Especificacións das Actuacións

4.2 Cada grupo contará cun tempo máximo de 3 minutos para a súa presentación no escenario se o grupo é menor de 20 bailaríns e de 4 minutos para megacrews.

4.3 Permítese o uso de música con mestura de diferentes autores, que deberá ser enviada en formato dixital polo menos 10 días antes do evento.

4.4 As coreografías e músicas deberán ser apropiadas para un público familiar e non conter contido ofensivo ou discriminatorio.

5 Obsequios para os/as Participantes

5.2 Todos/as os/as bailaríns rexistrados/as que participen no festival recibirán unha medalla conmemorativa como recoñecemento á súa colaboración e esforzo

5.3 As medallas entregaranse ao finalizar a actuación de cada grupo, nun acto simbólico no escenario.

6 Aceptación do Regulamento

6.2 A inscrición no festival implica a aceptación total deste regulamento.

6.3 Calquera situación non contemplada neste regulamento será resolta pola organización do festival.

Para máis información contacta con la organización, direccion@coreomagazine.com o no Whatsapp +34 656236911